

Venres, 29 de decembro de 2023

Núm. 249

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****PONTEVEDRA****Oferta de emprego público***OFERTA EMPREGO PÚBLICO 2023**Expediente: 2023/OEP/000001**ANUNCIO RELATIVO A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA
PARA O ANO 2023*

A Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o día 26 de decembro de 2023 acordou aprobar a oferta de emprego público do Concello de Pontevedra para o exercicio 2023, dispoñendo a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia con especificación das prazas incluídas e a súa clasificación.

En cumprimento do citado acordo, procédese a publicación da oferta de emprego público do Concello de Pontevedra para o ano 2023:

“(...)

“*Primeiro.*— Aprobar a oferta de emprego público do Concello de Pontevedra para o ano 2023, coa especificación das prazas abaixo relacionadas, xunto coa súa denominación e clasificación:

ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL

- Grupo segundo o artigo 76 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015: A. Subgrupo A2. Clasificación: escala de administración xeral, subescala de xestión. Número de vacantes: 3. Denominación: **Técnico/a medio/a.**
- Grupo segundo o artigo 76 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015: C. Subgrupo C1. Clasificación: escala de administración xeral, subescala administrativa. Número de vacantes: 2. Denominación: **Administrativo/a.**
- Grupo segundo o artigo 76 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015: C. Subgrupo C2. Clasificación: escala de administración xeral, subescala auxiliar. Número de vacantes: 5. Denominación: **Auxiliar.**
- Grupo segundo o artigo 76 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015: Agrupación profesional.



Venres, 29 de decembro de 2023

Núm. 249

Clasificación: escala de administración xeral, subescala subalterna. Número de vacantes:
4. Denominación: **Subalterno/a**.

ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL

- Grupo segundo o artigo 76 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015: A. Subgrupo A1. Clasificación: escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores. Número de vacantes: 1. Denominación: **Técnico/a superior en enxeñería informática**.
- Grupo segundo o artigo 76 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015: A. Subgrupo A2. Clasificación: escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios. Número de vacantes: 1. Denominación: **Aparellador/a-arquitecto/a técnico/a**.
- Grupo segundo o artigo 76 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015: A. Subgrupo A2. Clasificación: escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios. Número de vacantes: 1. Denominación: **Asistente/a social**.
- Grupo segundo o artigo 76 do Real decreto lexislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público: A. Subgrupo A2. Clasificación: escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios. Número de vacantes: 1. Denominación: **Enxeñeiro/a técnico/a industrial**.
- Grupo segundo o artigo 76 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015: A. Subgrupo A1. Clasificación: escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local. Número de vacantes: 1. Denominación: **Intendente/a principal**.
- Grupo segundo o artigo 76 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015: A. Subgrupo A2. Clasificación: escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local. Número de vacantes: 1. Denominación: **Inspector/a principal**.
- Grupo segundo o artigo 76 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015: A. Subgrupo A2. Clasificación: escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local. Número de vacantes: 1. Denominación: **Inspector/a**.
- Grupo segundo o artigo 76 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015: C. Subgrupo C1. Clasificación: escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local. Número de vacantes: 8. Denominación: **Oficial**.
- Grupo segundo o artigo 76 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015: C. Subgrupo C1. Clasificación: escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local. Número de vacantes: 11. Denominación: **Policía**.



Venres, 29 de decembro de 2023

Núm. 249

- Grupo segundo o artigo 76 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015: C. Subgrupo C2. Clasificación: escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase servizo extinción incendios. Número de vacantes: 3. Denominación: **Bombeiro/a-conductor/a**.
- Grupo segundo o artigo 76 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015: C. Subgrupo C2. C. Clasificación: escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal oficios. Número de vacantes: 1. Denominación: **Sepultureiro/a**.
- Grupo segundo o artigo 76 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015: C. Subgrupo C2. Clasificación: escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal oficios. Número de vacantes: 1. Denominación: **Oficial de obras**.
- Grupo segundo o artigo 76 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015: C. Subgrupo C2. Clasificación: escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal oficios. Número de vacantes: 1. Denominación: **Encargado/a de instalacións**.
- Grupo segundo o artigo 76 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015: Agrupación profesional. Clasificación: escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal oficios. Número de vacantes: 3. Denominación: **Operario/a**.

Segundo.— Determinar que 3 prazas de técnico/a medio/a, 1 de administrativo/a, 3 de auxiliar, 1 de intendente/a principal, 1 de inspector/a principal, 1 de inspector/a, 6 de oficial, 1 de sepultureiro/a, 1 de encargado/a de instalacións e 1 de oficial de obras se oferten por promoción interna. Así mesmo, determinar que 2 prazas coa categoría de oficial e 2 coa categoría de policía do Corpo de Policía Local se convoquen por mobilidade. O resto de prazas convocáranse por quenda libre.

Terceiro.— Determinar que das prazas reservadas a quenda libre, 2 de subalterno/a e 1 de auxiliar reservaranse a persoas con discapacidade. Así mesmo, desas 2 prazas de subalterno/a 1 reservase para persoas con discapacidade intelectual.

Cuarto.— De conformidade coa delegación realizada polo Concello de Pontevedra na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso, pola quenda libre, á categoría de Policía do Corpo de Policía local, acordase determinar que o número de prazas coa categoría de policía que serán obxecto de convocatoria e desenvolvemento pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, pola quenda libre serán de 9.

Quinto.— Fixar como prazo máximo para a convocatoria dos correspondentes procesos selectivos tres anos.

Sexto.— Determinar que cando existan prazas da mesma categoría que se convoquen por promoción interna e quenda libre, as prazas reservadas a promoción interna que non se provean



Venres, 29 de decembro de 2023

Núm. 249

e queden vacantes, acumularanse á quenda libre. Así mesmo, cando existan prazas da mesma categoría que se convoquen por quenda libre xeral e por quenda de discapacidade, as prazas reservadas a persoas con discapacidade que non se provean e queden vacantes, acumularanse á quenda libre xeral.

Sétimo.— Determinar que cando existan prazas da mesma categoría do Corpo da Policía Local que se convoquen polos sistemas de acceso mediante promoción interna e o de provisión por mobilidade horizontal desde outros corpos, as prazas non cubertas por mobilidade acrecentarán as reservadas para promoción interna.

Oitavo.— Dispoñer que este acordo da OEP do ano 2023, logo de aprobarse pola Xunta de Goberno Local, se publique no Boletín Oficial da Provincia con especificación das prazas incluídas e a súa clasificación.

Noveno.— Remitir este acordo á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, indicándolle que o número de prazas de policías do Corpo da Policía Local, que deben ser obxecto de convocatoria e desenvolvemento por parte desa Administración Pública por quenda libre ao amparo da delegación efectuada por este Concello naquela debe ascender a 9”.

(...)”

Recursos:

Contra o acordo de aprobación da oferta de emprego público, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante o Concelleiro de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, ao abeiro do establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao desta publicación, consonte ao disposto nos artigos 8-1 e 46-1 da Lei 29/1998, de 13 de xuño da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo de un mes segundo establece o artigo 124.2 da devandita Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados dende o día seguinte de aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46-1) e 4) da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a Dereito.

Pontevedra, na data de sinatura electrónica.

A concelleira de goberno responsable da Área de Servizos non territorializados.

